

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

*EXTRACTO da Orde do 30 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás empresas de inserción (EI) e ás súas entidades promotoras, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023. Programa II: axudas para compensar os custos adicionais do emprego de persoas en risco ou situación de exclusión social (código de procedemento TR356C).*

BDNS (Identif.): 671137.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

As entidades promotoras de empresas de inserción e as empresas de inserción inscritas como tales no Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 178/2022, do 15 de setembro, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción de Galicia e o seu rexistro administrativo, e que teñan o centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Segundo. *Obxecto*

Promover a inserción sociolaboral das persoas en situación ou en risco de exclusión social mediante o establecemento de medidas de fomento das empresas de inserción, previamente cualificadas no Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción de Galicia, que teñan centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

A través deste programa establécense os seguintes tipos de axudas para compensar os custos adicionais do emprego de persoas en risco ou situación de exclusión social:

- a) Asistencia técnica para a creación, mellora e diversificación da EI.
- b) Inicio e posta en marcha da actividade.
- c) Creación e ampliación de novos postos de traballo para persoas en inserción.



d) Contratación de xerentes ou persoas técnicas de produción necesarias para garantir a viabilidade da EI.

e) Contratación de persoas técnicas en orientación e acompañamento á inserción.

f) Formación para as persoas en proceso de inserción.

g) Mediación laboral para a inserción no mercado laboral ordinario da persoa en situación ou risco de exclusión social.

#### Terceiro. *Importe*

Para a concesión das axudas deste programa destínanse 140.000,00 euros con cargo ás aplicacións orzamentarias 11.30.324C.470.5 (100.000,00 euros) e 11.30.324C.481.5 (40.000,00 euros), código de proxecto 201500561.

#### Cuarto. *Bases reguladoras e convocatoria*

Orde do 30 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás empresas de inserción (EI) e ás súas entidades promotoras, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023.

#### Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 30 de setembro de 2023.

#### Sexto. *Procedemento de concesión, período subvencionable e xustificación das axudas*

As axudas concédense en réxime de concorrencia non competitiva.

O período subvencionable comprenderá desde o 1 de outubro de 2022 ata o 30 de setembro de 2023.

A data máxima de xustificación das accións subvencionadas será o 8 de novembro de 2023.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2022

M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza  
Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade

